



Concello de Vilalba

BASES DO “LII” PREMIO DE POESÍA DO CERTAME LITERARIO DO CONCELLO DE VILALBA 2026.

PRIMEIRA.

Convocase o “LII Premio de Poesía do Concello de Vilalba” atendendo as disposicións do regulamento correspondente, Lei 38/2003 do 17 de novembro de 2003, Xeral de subvencións, Lei 9/2007 do 13 de xuño de subvencións de Galicia, e ordenanza municipal núm. 67 Reguladora de Subvencións e Axudas do Concello de Vilalba, publicadas no BOP núm. 126 do 3 de xuño do 2023.

SEGUNDA.

Este concurso consta dun único premio indivisible. Premio: 7000 euros.

O financiamento do premio farase con cargo á aplicación orzamentaria 334.48942.

1_ O importe do premio estará suxeito aos impostos e retencións legais que lle sexan de aplicación.

O/A premiado/a deberá acreditar estar ao corrente das súas obrigas tributarias co Estado, coa comunidade autónoma e coa Seguridade social, mediante certificados aos que se refire o artigo 24.4 do Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións. Ademais, terán que achegar declaración responsable acreditando non estar incursos en ningunha das causas que determina o artigo 13.2 da Lei 38/2003 Xeral de Subvencións.

O concello comprobará de oficio que o gañador/a do premio está ao corrente das súas obrigas tributarias co Concello de Vilalba.

2_ O Concello publicará a obra premiada a través dun acordo cunha editorial. Esta editorial entregará á persoa gañadora 20 exemplares da obra premiada.

3_ O premio está dotado de **7.000 €**, que a persoa gañadora recibirá como pago único. O Concello comprométese a editar, promover e distribuír a obra a través dun acordo cunha empresa editorial.

A obra premiada publicarase coa editora, ao ano seguinte, despois da sinatura do contrato correspondente co autor, segundo a Lei vixente.

Pola edición do libro estimase un custo de 3.016 € figurando incluídos nesta cantidade a edición do mesmo, promoción e difusión, a entrega de 100 exemplares ao concello e envío





Concello de Vilalba

de 50 de eles as bibliotecas da provincia, gasto que será de aplicación con cargo á partida correspondente do orzamento municipal do exercicio do ano seguinte.

A aceptación do premio comporta que o autor/a da obra gañadora cede a Editora os dereitos de propiedade intelectual durante o período de vixencia asinado entre autor e editorial (cun máximo, segundo a Lei de Propiedade Intelectual, de 15 anos).

a) A persoa gañadora cede, sen límite territorial e para calquera dos posibles sistemas de comercialización, modalidades e soportes de edición, os dereitos de reprodución, distribución e venda da obra premiada.

b) O Concello de Vilalba, xunto a Editora, quedan facultados para a tradución da obra premiada a outros idiomas, cos mesmos dereitos de explotación e uso que na lingua orixinal, sempre contando co visto e praxe do autor/a da obra.

c) A persoa gañadora pasará a formar parte do xurado na edición inmediatamente seguinte do concurso. Esta participación terá carácter honorífico **sen que esta participación xere dereito a retribución económica.**

TERCEIRA.

O Premio de Poesía do Concello de Vilalba ten por obxecto e finalidade, estimular a creación poética, e dar continuidade á tradición literaria impulsada polo Concello de Vilalba celebrando este ano a súa "LII" edición.

Modalidade: Poesía.

Os poemas serán en lingua galega, orixinais, inéditos e non premiados noutros concursos en datas anteriores ao fallo do xurado.

O tema do traballo será libre e a súa extensión mínima será de 500 versos, que deberán estar numerados no traballo presentado.

En ningún caso o nome da persoa autora poderá aparecer no texto da obra.

O incumprimento dalgunha destas condicións na obra premiada significaría a súa exclusión, procedendo o xurado a formular de novo a proposta de poemas premiados ou declarando deserto o premio.

As obras non premiadas serán destruídas xunto coas súas plicas, non admitíndose peticións de devolución.





Concello de Vilalba

CUARTA.

A concesión do premio efectúase baixo o réxime de concorrencia competitiva, mediante a valoración das obras presentadas por un xurado cualificado, composto por persoas vencelladas ao eido da cultura, da literatura galega e da educación, que avaliarán as obras presentadas tendo en conta os criterios de valoración estipulados no apartado duodécimo das bases.

QUINTA.

Poderán concorrer ao certame todos os autores e autoras que o desexen, calquera que sexa a súa nacionalidade, sempre que presenten as súas obras en lingua galega, podendo presentar unicamente un traballo por persoa.

SEXTA.

O xurado será nomeado mediante resolución da alcaldía, e estará composto por persoas vencelladas ao eido da cultura, da literatura galega e da educación, con acreditado criterio para a análise e a avaliación dos traballos presentados. Estará presidido pola Concelleira de Cultura ou persoa que a substitúa, e actuando de secretario/a a traballadora do departamento de cultura ou persoa que a substitúa. A composición do xurado farase pública na páxina web <https://www.vilalba.gal/> e na Sede Electrónica do concello.

O xurado establecerá de mutuo acordo a data de convocatoria de reunión para as deliberacións e o fallo do premio, estas serán secretas e delas será redactada a acta correspondente pola secretaria/o. O fallo do xurado será inapelable.

No caso de que as obras presentadas non acadasen o nivel esixible a xuízo do xurado para a obtención do premio ou non tivesen a categoría suficiente, poderá declararse deserto.

SÉTIMA

O prazo de admisión das obras, será de tres meses a partir da data de publicación das bases no Boletín Oficial da Provincia de Lugo.

OITAVA.

A resolución do premio levarase a cabo a finais do mes de agosto de 2026, mediante o fallo do xurado que será aprobado en Xunta de goberno Local, e notificado ao interesado medinte notificación electrónica.

A entrega do premio realizarase co gallo do acto de celebración do inicio das festas





Concello de Vilalba

patronais de Vilalba, cuxa data establecida por parte do Concello de Vilalba é o *30 de agosto do ano en curso*. A persoa premiada comprométese a acudir a esta vila para recoller o premio e ler o traballo, sempre e cando sea posible a celebración presencial do mesmo

NOVENA.

As obras e a **plica** enviaranse **por vía electrónica** mediante a dirección <http://www.certamedevilalba.org/inscripcion>, achegaranse en arquivo formato PDF o seguinte:

- **a obra**: un PDF co lema que distinga o traballo, xunto co traballo.

- **a plica**: un PDF no que figurará o lema que distinga o traballo, e conteña: o nome e apelidos do autor/a, DNI, enderezo, teléfono, poboación de residencia, declaración formal de que a obra é inédita, xunto cunha pequena biografía do autor/a.

En consecuencia, o Concello de Vilalba non se fará responsable das posibles denuncias por plaxio ou eventualidade similar que puideran xurdir, recaendo na persoa participante afectada as accións legais que procedan e asumindo, se é o caso, as indemnizacións que puideran corresponder polos prexuízos ocasionados.

É de destacar que soamente se abrirá unha única plica, a do traballo que resulte premiado.

DÉCIMA

O fallo do xurado é inapelable, os concursantes aceptan integramente estas bases así como cantas decisións adopte o Concello de Vilalba para que estas poidan ser interpretadas e aplicadas.

UNDÉCIMA.

Os *criterios de valoración* que se terán en conta serán a orixinalidade no tratamento da temática e na súa exposición literaria, o emprego dunha linguaxe e estilo ricos, así como o rigor e a calidade da obra, a criterio dos membros do xurado.

DUODÉCIMA.

Unha vez que se reúna o xurado darase a coñecer o premiado/a, na páxina web <https://www.vilalba.gal/> na Sede Electrónica do concello e a través dos distintos medios de comunicación. A persoa premiada ou representante da mesma, será citada para asistir a un acto no que se fará entrega do premio, sempre e cando sea posible a celebración presencial do mesmo.





Concello de Vilalba

DÉCIMO TERCEIRA.

A entrega do premio realizarase co gallo do acto de celebración do inicio das festas patronais de Vilalba, cuxa data establecida por parte do Concello de Vilalba é o *30 de agosto do ano en curso*. A persoa premiada comprométese a acudir a esta vila para recoller o premio e ler o traballo, sempre e cando sea posible a celebración presencial do mesmo.

DÉCIMO CUARTA.

Os datos persoais dos participantes, serán tratados con toda a rigorosidade que esixe a Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais, tratándose todos os seus datos de acordo aos dereitos establecidos no seu Título III e conforme ao mandato establecido na Constitución Española (art.18), relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento dos seus datos e ás restricións concernentes á circulación dos datos persoais achegados polos participantes á organización deste concurso literario.

En Vilalba, na data indicada na firma electrónica. A Concelleira de Cultura, Mónica González Fernández.

